



Por unha mobilización sostida e integradora



Coa crise comezaron os recortes de dereitos das clases traballadoras polos diferentes gobernos centrais e autonómicos, mais nos últimos meses a aceleración e brutalidade faise evidente. Á progresión na descompensación das relacións laborais e sindicais engadimos agora a imposición do repagamento sanitario, elitización do ensino e, en xeral, o desmantelamento dos servizos públicos básicos. A política queda ás ordes da patronal e da banca, nunha expropiación da soberanía cidadá tanto ao

individuo como á comunidade.

Neste contexto, a loita de clases amósase en estado puro. Por ilustralo rapidamente, o pasado xoves 19 de abril, as capas dos xornais estatais amosaban dúas novas principais, na primeira, unha vergoñenta e insultante declaración do Xefe do Estado: "Me he equivocado. No volverá a ocorrer". Na segunda, o aumento do pago polos fármacos: "Os pensionistas pagarán por primeira vez parte dos seus medicamentos".

Segue en páxina 2

Editorial en páxina 4

@frentepg



A agresividade patriarcal na crise sistémica.

#avozdassilenciadas
#antipatriarcal

#páxina 3

A alternativa é o comunismo.

#crise #neoliberalismo
#reformismo

#páxina 4

Fe de erros, opinión de Xabier Cordal.

#cordal
#novoproxectocomun
#ilusión

#páxina 6



Cae o esperpento mais a obra continúa.

#conderoa
#conderoadimisión
#compostela

#páxina 7

O que a FPG entende por unha estación intermodal.

#vigo
#mobilidade
#tren

#páxina 7



Esquecer parroquias como práctica política.

#redondela
#autoorganización
#chapela

#páxina 7

A educación é un campo de batalla.

#mocidade
#boloña
#universidade2015



#páxina 8

Non é froito da casualidade, pois este mesmo realce no contraste de clase pode terse observado nos últimos meses na convivencia, por unha banda, de recortes, aumento do IRPF, suba nos recibos da luz e gas, estafa das participacións preferentes ou escalada represiva con, pola outra, amnistía para a fraude fiscal, enriquecemento dos financiadores privados da débeda pública, pensións millonarias dos directivos das caixas ou a expropiación e entrega do sistema financeiro ás grandes entidades bancarias.

Os primeiros 100 días do novo Goberno de Rajoy pasarán á historia como a voadura concentrada da maioría dos alicerces, outrora sólidos, que lexitimaban o Estado do Benestar. Crearon un ambiente favorable e unha masa social presa. Cumpriron a máxima de converter en irremediable o intolerable.

E o avance da dereita vai continuar, pois a correlación de forzas así o permite. A débeda (cos intereses) será a xustificación ideolóxica que liquide o público e os acredores, ao mesmo tempo, causantes da crise e

beneficiarios da mesma.

No caso galego, considerando o estado de emerxencia en que se atopa o seu tecido produtivo, a ausencia de investimento pode ter consecuencias letais. Isto por non lembrar a nosa estrutura poboacional avellentada, que incrementará os danos da precarización da rede pública de Saúde e do novo copagamento en medicamentos. A decisión de reducir 10.000 millóns de euros en Saúde e Educación ten unha dimensión á marxe non suficientemente valorada, que é a invasión unilateral do ámbito competencial autonómico, levando á práctica o deozo recentralizador español.

Con todo, neste 1º de Maio na FPG invertimos o tópico e dicimos que “non hai razóns para o pesimismo”. As resistencias aparecen todos os días. Só unha cegueira torpe obvia as ganas de facer política e formar parte das alternativas ao sistema capitalista e a súa deriva neoliberal. As fronteiras de pensamento crítico evolucionan e dan froitos en forma de interpretacións da realidade rupturistas coa lóxica imperante no sistema.

A folga xeral do 29M foi un éxito e

un bo sinal desde polo menos tres cuestións cruciais: (1ª) o estado de acomodamento e burocratización (por non dicir de traizón) das centrais sindicais maioritarias non desmobiliza no grao en que a patronal agardaba e se ve compensado, en grande medida, polo medre na capacidade das propostas minoritarias máis combativas; (2ª) avanza lentamente a consciencia da folga xeral como ferramenta de resposta ampla que vai máis aló dunha reforma concreta; (e 3ª) comeza a mudar a visión do significado dunha xornada de folga: duración e formas de participación nos piquetes, extensión a sectores invisibilizados, comprensión da súa natureza integral (consumo, ámbito privado e relacións patriarcais, etc.).

É obvio que o camiño acaba de encetarse e que as organizacións políticas que aspiramos á construción de ferramentas útiles que transiten cara un novo modelo económico temos que evolucionar profundamente. Cómpren solucións radicais e na esquerda temos unha responsabilidade ineludible. Quedámonos na retórica do “xa volo advertimos” agardando que o descontentamento implique ascender chanzos automaticamente nunha escada revolucionaria resultará estéril.

Para que a presión social non se deteña e vaia en aumento, precisamos que os instrumentos mobilizadores combinen a resposta ás agresións particulares (reforma laboral, desemprego, privatización da saúde, recortes de persoal no público, reforma da Lei de Estranxeiría, etc.) coa presentación e explicación do



contexto global. A fragmentación das loitas divídenos como xentes subalternas fronte á dictadura do grande capital. Urxe activar a solidariedade de clase. E non só, os referentes que a esperten tamén deben ser lexítimos e as súas accións útiles. Se, por exemplo, queremos o apoio dunha traballadora autónoma ou dun inmigrante que cobra en negro na Hostelería, ademais de visibilizalas no noso discurso, debemos incorporalas a un proceso en que se deseñen prácticas nas que o colectivo sinta que

pode mudar a realidade de cadaquén.

Nin que dicir ten que a problemática é vella e complexa, porén non semella que sindicatos, partidos ou movementos sociais a teñamos demasiado presente no axer cotián, sempre enleado en disputas por protagonismos exiguos. Resultará difícil activar politicamente a calquera que perciba intereses de parte prevalecendo sobre a vontade común. Son tempos de unidade sindical e coordinación de posturas na esquerda

Nos vindeiros meses, as xentes

organizadas na FPG poremos os nosos esforzos en crear un estado na rúa de mobilización sostida que prenda e vincule a maior parte das e dos “de abaixo”. Un contexto en que sexa difícil atopar un lugar tranquilo onde vivir autonomamente á marxe da ofensiva do capital. Fuxir será imposible se percibimos a mediocridade das formas de vida que nos imponen fronte a intensidade e variedade de posibilidades que de por si se nos ofrecen.

A voz das silenciadas

A agresividade patriarcal

O goberno decidiu tomar, co pretexto da crise, medidas de ataque: á clase traballadora, ao estudiantado, á mocidade, ás persoas dependentes... E, como non, a agresividade patriarcal é tamén parte fundamental destas medidas. A Lei de Familia constitúe un ataque frontal á nosa soberanía; unha forma encuberta de Reforma Laboral que pretende meternos de novo na casa. Normativiza a domesticación dos nosos corpos, a privación dos nosos dereitos reprodutivos e sexuais. A reforma da Lei do Aborto afonda nese ataque á nosa soberanía, trasladándonos en pleno 2012 de volta aos anos 80, coa modificación dos prazos polos tres supostos... E xunto con estas leis van os recortes, que máis que recortes son insultos á dignidade das mulleres. O aprazamento nas melloras na pensión de

vivez, a falta de financiamento da Lei de Dependencia en Galiza (relegando ás mulleres, a través tamén da Lei de Familia, a seguir exercendo o papel de cuidadoras e desenvolvendo un traballo social non remunerado que simboliza o 37% do PIB), o abandono do Plan de Mellora de Atención Primaria, a supresión das axudas á cotitulariedade das explotacións agrarias ou a desaparición do programa Arlinga de axudas ás mulleres redeiras... Todas estas son ferramentas do capital para precarizarnos aínda máis, facéndonos á vez responsables da crise do seu modelo político, económico e social; culpándonos do desmantelamento do seu Estado de Benestar (por parir menos ca antes, é dicir, por traer ao mundo menos man de obra barata).

As inxustizas crecen, mais tamén medra a resistencia das mulleres que demandamos un cambio de sistema. O patriarcado e o capitalismo retroalimentanse, mantendo as xerarquías entre clases e xéneros. A autoorganización será a vía que nos leve á liberación. Empoderámonos ao carón das organizacións de clase é o pulo no camiño da acción transformadora que nos levará á igualdade.



Editorial: a alternativa é o comunismo

Mundo

Hai un profundo paternalismo na idea de “redistribuír a riqueza”, vén dicir algo así como que os patróns, talvez para calmar a súa mala conciencia, deciden de xeito altruísta doar parte da súa plusvalía para financiar escolas e hospitais públicos, como se dunha ONG se tratase. O comunismo, porén, non é nada paternalista, a súa idea motriz é: a propiedade privada é un roubo. A riqueza, os medios para produci-la, non se redistribúen, nacionalízanse.

Fagamos un pouco de historia: a socialdemocracia moderna nace, no contexto da crise do 29, como unha resposta ao movemento obreiro daquela en expansión e que pretendía abolir o capitalismo. A premisa da socialdemocracia foi: non é necesario derrubar o sistema, abonda con reformalo. Por tanto, dunha vez que desaparecen os factores históricos que a facían necesaria, a ameaza comunista, a socialdemocracia resulta superflua. E isto é o que está a acontecer hoxe en día, asistimos ao final da socialdemocracia, do capitalismo con rostro humano.

Se agora miramos cara á vella Europa, advertimos que nas últimas eleccións en Francia un de cada cinco franceses votou por un partido de extrema dereita, moitos deles traballadores. A súa eficacia reside na

limpeza da súa mensaxe: Francia para os franceses. Dentro de pouco tempo, a extrema dereita acadará tamén un resultado parecido en Holanda. Que está a pasar? O que sucede é que a idea comunista foi vetada e o movemento obreiro desmobilizado, conquistado pola promesa falaz dun estado do benestar que agora esmorece baixo a presión do Gran Capital.

Mentres, en España a extrema dereita non precisa un partido aparte porque xa ten o seu propio no poder: o PP. As súas últimas medidas desmontando un estado do benestar vendido como concesión, non como dereito e outras encamiñadas na dirección de limitar o dereito de reunión e a liberdade de expresión só teñen un nome: FASCISMO.

A elección volve a ser a de sempre: comunismo ou fascismo.

Galiza

En Galiza, baixo o goberno de Feijóo, padecemos unha ofensiva dobre: a do Capital e a do españolismo. Os resultados da primeira están á vista: medre espectacular do paro e da emigración. Os da segunda tamén: retroceso da presenza do galego no ensino e na sociedade galega en xeral. O noso país converteuse nun laboratorio avanzado da FAES, sometido a un programa experimental de asimilación cultural e económica.



Lembrémolo outra vez: somos un país conquistado, o crecente medre social do español é o resultado dese longo proceso de conquista. A nosa lingua propia é o galego e aspiramos á súa hexemonía social, ao monolingüismo.

Diante desta situación, unha alternativa socialista e soberanista parécenos máis necesaria ca nunca e axeitada ao momento histórico que vivimos. Hipotéticas solucións viradas cara máis reformismo e máis autonomismo, que xa historicamente se teñen demostrado un fracaso, son un tremendo paso atrás no nivel de esixencias da nosa Clase e do nos País. Non debemos renunciar aínda máis aos nosos dereitos como traballadoras e como galegas.

A sociedade galega demanda solucións urxentes que atallen o problema de raíz, e non respostas vellas sustentadas na construción dunha hipotética burguesía autóctona que lidere un proxecto autonomista e centrista, incapaz de facer fronte ás agresións continuadas e feroces do capital e do españolismo. Na Frente Popular Galega estamos, como sempre, dispostos a sumar esforzos na causa comunal do socialismo e da liberación nacional deste país, con honestidade e xenerosidade. Neste sentido, o proxecto que nós defendemos pasa pola unión das diferentes esquerdas camiñando unidas nun mesmo obxectivo que é o da defensa da maioría social que representan as clases traballadoras.

Que facer?

A resistencia das clases traballadoras gregas, o exercicio de liberdade do pobo islandés que se atreveu a encarcerar os seus especuladores, a nacionalización da YPF por un goberno arxentino que non acepta máis as regras do xogo neocoloniais son tres exemplos claros da revolta contra a ditadura do capital imperialista a nivel internacional que xulgamos esperanzadores. Dentro do noso país, a mobilización masiva na pasada Folga Xeral do 29 de marzo dános azos para continuar unha loita que se prevé longa e durísima. Vivimos tempos revolucionarios nos que a loita de clases volve facerse máis evidente ca nunca. O papel da FPG, neste contexto, non será nunca o de dar leccións de

vanguardismo a ninguén, nin o de conformar minorías escollidas de dogmáticos encerrados na súa torre de marfil sectaria. A FPG estará diluída dentro da clase obreira, formando parte dos seus piquetes, participando nas súas asembleas, dando exemplo de valentía, de responsabilidade, de espírito revolucionario, pondo o seu gran de area nos proxectos que pasen pola esquerda e pola defensa do pobo traballador galego, participando na construción da Galiza ceibe e socialista que se aveciña.

VENCEREMOS NÓS!


VIVA A LOITA OBREIRA!

VIVA A REPÚBLICA GALEGA!

Clasismo e racismo empoderáranse na Sanidade Pública

A partir de agora, os usuarios e usuarias da Sanidade pública teremos que pagar se necesitamos ortopróteses ambulatorias, como cadeiras de rodas ou muletas, ademais do transporte sanitario non urxente (p.ex. para os pacientes oncolóxicos) e das prestacións dietéticas. Estes servizos entrarán dentro do novo modelo de repagamento farmacéutico, que obriga aos e ás pensionistas a pagar polos medicamentos e, en xeral, penaliza a todas as persoas cando teñamos que seguir un tratamento. O decreto prevé tamén a revisión da carteira de servizos, posibilitando a eliminación dalgunhas prestacións.

Coa escusa demagóxica de pór freo ao denominado turismo sanitario, introduce a esixencia da residencia fiscal para poder obter a tarxeta sanitaria (non abondará con estar inscrito no padrón), deixando fóra ás persoas que se atopan en situación irregular. Esta medida, que atinxe a case 10.000 persoas en Galicia, concretarase nunha modificación aínda máis regresiva da Lei de Estranxeiría e dará un paso máis no proceso de estigmatización da poboación migrante como culpable da degradación das condicións de vida das clases traballadoras, ademais de introducir novas bolsas de pobreza e enfermidade.



Seguimos camiñando cara un novo modelo de sociedade clasista e racista, dominada polo fascismo financeiro. Na FPG chamamos a construír colectivamente as ferramentas integradoras das loitas, que nos permitan reverter de maneira efectiva esta situación.

OPINIÓN

Fe de erros (ou Tócaa outra vez, Sam)

XABIER
CORDAL



É unha feliz invención a cita do título, coma no seu día o verso “Unha noite na eira do trigo” por “No xardín unha noite sentada”. A Curros Enríquez proeulle, pero ás veces o pobo intervén un texto á súa conveniencia. E mellora o orixinal.

Do disco *Unidade Galega vs. BN-PG* unha e outra volta evocado nos meses en curso pouca xente se lembra. Trae malos recordos. Agora, aínda que cambie a letra, nin sequera varía o nome dos autores. Hai cancións resesas no lado A e no lado B e algunha sae ao mercado (porque falamos apenas do mercado electoral) sen determinar os coros, a orquestración e o público ao que se dirixe.

Desbotando obviamente a dereita, o deseño ideal -no laboratorio- de novos proxectos debería limitar dúas opcións (en contextos puntuais se cadra abundase unha, ao modo vasco): a primeira desexa reformar tanto o modelo de Estado coma o sistema económico vixente; a segunda di que non hai reforma posible aínda que diverxa nos chanzos e nos tempos que levarían á República unha cidadanía das clases populares. É unha ilusión? Por suposto: é a **nosa** ilusión.

Pero as siglas do *Novo Proxecto*

Común pintan parte da foto en branco e negro que conduciu ao fracaso. Mesturan soberanismo e autonomismo, discurso dos propietarios e das clases subalternas, *partido moderno* –unha xerarquía sen assemblea- e proclamas de diálogo horizontal. Pola súa banda, referentes da UPG cualifican de “esterco” todo o que se mova fóra. Descoñecemos se algunha outra voz autorizada discrepou en público.

... a segunda di que non hai reforma posible aínda que diverxa nos chanzos e nos tempos que levarían á República unha cidadanía das clases populares.

E Sam interpreta de novo a cantiga: mentres unhas se empeñan en parecer o que non son (asinan o defunto Estado de benestar e desfilan o 29-M baixo os megáfonos que urxen á ruptura co capitalismo), outros soñan con explotar en réxime de monopolio a marca *Galiza*. Custa comprender que persoas moi valiosas subscriban como única opción para un escenario democrático asumir teses, estratexia e disciplina ditadas por quen non se moveu do cargo desde os anos setenta do pasado século.

Cando se despreza a sensibilidade que pode representar, por exemplo, un sindicato coma a Central Unitaria de Traballadoras, con maioría en varios comités de empresa, onde vai o *proxecto común*? O único común que percibimos é alerxia cara a unha forza (a FPG) que leva anos expresando a necesidade de converxer **toda** a esquerda en torno ao programa de mínimos que reclama este país. Unha parte del, queremos dicir.

Outros soñan con explotar en réxime de monopolio a marca Galiza.

Mudan os tempos, pero as cativas vontades de poder escollen a reedición do vello tema. Aínda non oímos a ninguén vincular o seu futuro político ao resultado da aposta. No caso de que o pobo lles negue apoio o doado será atribuírnos (Sam, outra vez) a tara racial de merecer gobernos ladróns e suicidas.

O momento é dramático. E triste, moi triste a esperanza de calquera esquerda que se funde na derrota dalgunha das organización irmás. Se a próxima xeración dispón de marxe para escribir algo verdadeiramente novo, rectificando os erros, o preámbulo terá quizais forma de pregunta. Algo así como a qué tipo de institución nacional aspiraba esa franxa do 25% da sociedade incapaz de chegar a acordo ningún consigo mesma.

Compostela

Cae o esperpento



Finalmente sucedeu o inevitábel. Non había outra saída, a cabeza de Conde Roa tiña que rodar. De nada valeron as roldas de prensa, os pataleos, a petulancia. E é que cando reclaman a túa dimisión mesmo dende as propias ringleiras do PP (partido que, por outra banda, é pouco dado á expiación de culpas e ao recoñecemento de responsabilidades) é que xa non ficaba moito por facer. Mais tampouco hai moito que celebrar. O seu substituto, Ángel Currás, xa é un vello coñecido. Foi director-xerente da Fundación Cidade da Cultura nos tempos do fraguismo,

posto que obtivo no ano 2000 sen ter presentados moitos máis méritos que ser irmán do entón conselleiro de educación, Celso Currás. Xa no goberno de Conde Roa ocupaba a Concellería de Cultura, Educación e Normalización Lingüística, sendo el o responsábel directo da recente censura do espectáculo de Leo Bassi "The Best Of", que finalmente tivo que ser desprazado a un edificio da Universidade. Sería pecar de inocentes agardarmos mudanza algunha, máis aló da desaparición dos titulares que inzaban os xornais cos esperpentos do anterior rexedor. Somos conscientes de que Ángel Currás vai continuar pola mesma liña de políticas antisociais, galegóforas e agresivas co movemento asociativo da comarca. O seu discurso de investidura, bilingüe e cheo de gabanzas a Conde Roa, fai apoloxía do continuísmo, non deixando lugar a moitas dúbidas. Así, cae o esperpento, mais a obra continúa.

Vigo

O que a FPG entende por unha estación intermodal

O pasado marzo, na FPG de Vigo presentamos no Ministerio de Fomento as nosas alegacións á futura estación de tren.

Nelas contemplamos a estación do tren en Vigo como un paso máis no proxecto global de favorecer as comunicacións entre os veciños de Vigo, Baixo Miño, norte de Portugal e o Morrazo, xunto con Redondela, Terra de Montes e Ourense.

Cremos ferreamente que este sistema de comunicacións debe basearse no transporte público, colectivo, intermodal que priorice fundamentalmente o tren de cercanías e, por iso, rexeitamos o proxecto de estación de Tom Mayne. Por costoso, por ser aberrante urbanisticamente e por responder exclusivamente a intereses comerciais privados multinacionais, orientado non a favorecer o emprego na nosa cidade senon á instalación de empresas de enclave e ao uso do vehículo individual por estrada.

Redondela

Esquecer parroquias como práctica política

Sete meses tiveron que agardar as veciñas e os veciños de Chapela para ver retirada a tubaxe das obras da rede de abastecemento de augas a medio rematar.


Na agrupación local da FPG en Redondela sabemos que, se o alcalde

Javier Bas procedeu a atender parte das nosas demandas foi exclusivamente grazas ás veciñas e aos veciños que decidimos en asemblea comezar as mobilizacións.

Pese a compartirmos a alegría por este avance, desde a FPG-Redondela

lembramos que a retirada dos tubos non era a única demanda e que agora teñen que rematar o que empezaron sen deixar fochancas, nin cascallos, así como ocuparse do resto da contorna abandonada. A deixadez das administracións nas zonas alleas ao casco urbano é unha eiva continuada contra a que temos que organizarnos.

A educación é un campo de batalla



O Ministerio de Educación vén de anunciar un novo ataque contra o ensino público: o incremento de até un 66% das taxas universitarias. Ao tempo que reducen un 12% os recursos para bolsas e recortan os orzamentos en arredor de 3.000 millóns de euros para educación, pretenden facer que o estudantado asuma nunha maior porcentaxe o financiamento da súa formación.

Porén, non debemos olvidar que esta non é a única agresión que estamos vivindo as estudantes. Esta suba das taxas vén precedida da

suba do 2'5 % de hai dous anos e do 3'6 o pasado curso; vén enmarcada dentro dunha transformación do modelo universitario que, a través da Estratexia Universidade 2015, encamiñanos a unha elitización e mercantilización da Educación, permitindo que as entidades privadas e os seus intereses participen do financiamento do que debería ser un servizo público. Debemos ter en conta tamén o ensaio das Normativas de Permanencia, presentado xa na USC, que fai que desapareza a figura do "Non presentado" e obriga a matricularse das

materias pendentes ano tras ano, incrementando o prezo cada vez e servindo como outra forma máis de financiarnos nós o que se nega a financiar o Estado. Lembremos tamén que o modelo de avaliación do plan Boloña é de presenza obrigatoria, polo que as persoas que teñan que traballar para poder vivir á vez que estudan non terán cabida.

A educación nunca foi aliada dos sistemas baseados na dominación. A deriva neofascista dos gobernos, amparados na escusa da crise, está obrigando ao estudantado a abandonar a carreira por non poder afrontar uns prezos desorbitados. Está obrigando á mocidade a servir como man de obra non cualificada, como obreira obediente.

Desde a FPG cremos que un modelo universitario verdadeiramente democrático será aquel que estea a disposición da clase traballadora, no que a renda non sexa un impedimento para o acceso ao dereito universal da educación. Nós non imos tolerar que o ensino se convirta nunha arma a servizo do capital.



A FPG é unha organización política que loita desde a práctica real pola construción dunha República galega socialista que supere as lóxicas opresivas do capitalismo e do patriarcado.

Coñécenos na web: www.frentepopular.gl

Contacta con nós: info@frentepopular.gl